



DECRETO DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA SOBRE AS ÁREAS DE GOBERNO .-

Ourense, na data de sinatura electrónica.

O artigo 123.1.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, dentro do seu Título X introducido polo apartado 4 do artigo primeiro da Lei 57/2003, de 16 de decembro; establece que lle corresponde ao Pleno, entre outras a seguinte atribución: “A determinación dos niveis esenciais da organización municipal, entendendo por tales as grandes áreas de goberno [...], sen prexuízo das atribucións do Alcalde para determinar o número de cada un de tales órganos e establecer niveis complementarios inferiores.”.

O Regulamento Orgánico de Goberno e Organización do Pleno e a Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións do Concello de Ourense, aprobado polo Pleno da Corporación do Concello de Ourense, fiel ao mandato legal recollido no artigo 123, dispón no seu artigo 118.1 que “Os servizos administrativos do Concello estrutúranse en áreas, que se determinarán tendo en conta os grandes contidos da actividade administrativa municipal de acordo co previsto no artigo 123.1 da Lei 7/1985.”

O apartado 2 do mencionado artigo 118 atribúelle ao Alcalde o establecemento da organización e estrutura da administración municipal executiva, sen prexuízo das competencias atribuídas ao Pleno en materia de organización municipal. Asemade, correspóndelle precisar o contido competencial de cada unha, así como no seu caso refundir e detallar.

Así pois, as Áreas de Goberno constitúen o primeiro nivel esencial da organización municipal e comprenden, cada unha de elas, un ou varios sectores funcionalmente homoxéneos da actividade administrativa.

Pola súa banda, as Concellerías Delegadas, constituirán o segundo nivel esencial da organización municipal, e comprenden un ou varios ámbitos de competencia municipal funcionalmente homoxéneos e estarán integradas na estrutura organizativa dunha Área de Goberno.

De acordo co exposto, ó abeiro do disposto no artigo 124.4 b) e k) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, en relación cos artigos 118 a 121 do Regulamento Orgánico de Goberno e Organización do Pleno e a Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións do Concello de Ourense,

Á vista do anteriormente exposto, o sr. Alcalde do Concello de Ourense, no exercicio das competencias que lle foron legalmente atribuídas, **RESOLVE:**

Primeiro.- Estructurar a Administración Municipal nas seguintes Áreas de Goberno:

1.- ALCALDÍA.

Correspóndelle a dirección e coordinación das áreas delegadas do Goberno Municipal, mediante o exercicio das seguintes competencias:

- a) A dirección da política, goberno e administración municipal (artigo 124.4.b) da LBRL).
- b) O establecemento das directrices xerais da acción de goberno, asegurando a súa continuidade (artigo 124.4.c) LBRL)
- c) A superior dirección do persoal ao servizo da administración municipal – artigo 124.4.i) LBRL)



- d) As facultades de control do exercicio das competencias delegadas previstas no artigo 37.1 do Regulamento orgánico.
- e) As funcións de representación e dirección política do Concello previstas nos apartados a), d), e), f) e g) do artigo 124.4 LBRL.
- Asimesmo corresponderalle as labores de cooperación institucional.

2.- SERVIZOS XERÁIS

- Servizos xerais: inclúe as seguintes funcións:

2.1.- Arquivos e rexistros administrativos: A xestión dos arquivos e rexistros administrativos (sen prexuízo da súa superior dirección pola Oficialía Maior, conforme ao establecido na Disposición Adicional 8ª, apartado d) da Lei de Bases do Réxime Local, en relación co artigo 3.2.l) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional)

2.2.- Contratación : A xestión das contratacións suxeitas á Lei de contratos do sector público, exceptuados os contratos menores, e sen prexuízo do establecemento de instrucións xerais para a coordinación dos procedementos de contratación menor, que corresponderá a esta área.

- A xestión dos servizos comúns ao conxunto da administración municipal non atribuídos de forma específica a outra área.

2.3.- Sistemas de información e Transparencia

2.4- Parque móbil

2.5- Comercio

3.- INFRAESTRUCTURAS

3.1.- Obras.

3.2.- Servizo de augas.

3.3.- Servizo eléctrico.

3.4- Mantemento viario e mobiliario urbán.

4.- MEDIO AMBIENTE

4.1- Parques e xardíns.

4.2- Limpeza viaria

5.- URBANISMO, VIVENDA E PATRIMONIO

5.1.- Urbanismo, licenzas e vivenda.

5.2.- Xestión urbanística e planeamento.

5.3.- Patrimonio municipal.

5.4.- Oficina PERI

5.5.-Responsabilidade patrimonial

6.- EDUCACIÓN E CULTURA

6.1.- Festexos, Artes escénicas, Exposicións e museos

6.2- Educación

7.- PROMOCIÓN ECONÓMICA

7.1.- Emprego e Formación Ocupacional

7.2.- Recursos Europeos

7.3.- OMIC

8.- SERVIZOS SOCIAIS

8.1.- Asuntos Sociais.





8.2.- Muller e Igualdade.

8.3.- Saúde.

9.- MOBILIDADE E TRANSPORTE

10.- SEGURIDADE CIDADÁ

10.1.- Policía

10.2- Bombeiros

10.3- Protección Civil

10.4.- Voluntariado

11.- ECONOMÍA E FACENDA

11.1- Intervención

11.2- Xestión económica e orzamentaria

11.3- Xestión Tributaria e recadatoria

11.4- Tesourería

12.- RECURSOS HUMANS

13.- TURISMO , TERMALISMO , PARTICIPACIÓN CIDADÁ E XUVENTUDE

14.- DEPORTES

14.1- CMD

Segundo.- Derrogar o decreto núm. 2021001969 do 29.09.2020 .

Terceiro.- A presente resolución producirá efectos dende a mesma data da súa sinatura, sen prexuízo da preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia, e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Ourense e da Casa do Concello. Daráselle conta ao Pleno da Corporación e a Xunta de Goberno local na primeira sesión que teña lugar.

Mándao e asíno o sr. Alcalde do Concello de Ourense, en Ourense, na data da sinatura electrónica.

